

potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

*Orde do 30 de marzo de 2011 pola que se declaran de utilidade pública diversas asociacións inscritas nos rexistros provinciais de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Por iniciativa das correspondentes asociacións, poderán ser declaradas de utilidade pública aquelas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 32º da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións.

O Decreto 157/2008, do 10 de xullo, sobre asunción de funcións da Administración do Estado trasladadas á Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o Real decreto 1080/2008, do 30 de xuño, en materia de declaración de utilidade pública de asociacións, asigna estas funcións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establecendo que será competente para resolver o procedemento de declaración de utilidade pública a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, logo da instrución do procedemento polo órgano correspondente.

Logo de solicitude das asociacións, foron instruídos os expedientes de conformidade co previsto no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e neles constan a documentación e os informes previstos na citada norma.

De conformidade cos informes favorables de declaración de utilidade pública, emitidos polos instrutores dos expedientes,

#### RESOLVO:

Declarar de utilidade pública as seguintes asociacións:

*-Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia GDR-25*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co número 2001/5644-1ª.

*-Asociación Pro Enfermos Mentales da Coruña*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Coruña, co número 833/1980-1ª.

*-Asociación de Familiares y Enfermos Mentales Morea*, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Ourense, co número 1994/1418-1ª.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, podendo interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Resolución do 15 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se acorda dar publicidade á relación de xacigos megalíticos con arte rupestre e se ordena o seu asento no Rexistro de Bens de Interese Cultural.*

O artigo 40º.2 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, establece que quedan declarados bens de interese cultural por ministerio desa lei as covas, abrigos e lugares que conteñan manifestacións de arte rupestre.

Pola súa banda, a disposición adicional primeira da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, declara, na súa disposición adicional primeira, que todos aqueles bens mobles e inmo-bles sitos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que fosen declarados de interese cultural con anterioridade á entrada en vigor desa lei pasarán a ter a consideración de bens de interese cultural e quedarán sometidos ao mesmo réxime xurídico de protección aplicable a estes.

Por tanto, toda manifestación de arte rupestre se encontra encadrada dentro do xogo normativo destas dúas disposicións, do que deriva a plena aplicación do réxime de bens de interese cultural previsto na mencionada Lei 8/1995. Tal aplicación, consecuencia do valor superior do acceso á cultura previsto no artigo 44º da Constitución española e do deber establecido no artigo 32º do Estatuto de autonomía de Galicia, debe estar informada polo principio de seguranza xurídica que, tal como se recolle no artigo 9º da Constitución española, aparece vinculado á certeza sobre o ordenamento xurídico que rexe na tutela de determinados valores e intereses xerais e á cal é inherente o principio de publicidade.